

O Acordo Marco da ALBA para o Sistema Único de Compensación Rexional de Pagos (SUCRE): algunhas consideracións

Antonio Martínez Puñal

1. Antecedentes

A actual crise económica internacional é, ao noso modo de ver, unha clara evidencia do fracaso ideolóxico e económico do neoliberalismo na súa versión máis descarnada e, así mesmo, dos seus apoloxetas –mais, paradoxalmente non dos seus xestores que teñen ben gardados os seus inmensos beneficios–, os cales, uns e outros, despois de intentar establecer como dogma a providencia benéfica da “man invisible do mercado” que todo o habería de abranguer e bendicir, agora, uns e outros, como fillos pródigos falsos á luz do seu pasado impenitente, sen dor de contrición, arrepentimento nin propósito de emenda, aplauden a rabiari que a man visible do “pai Estado” os salve dunha situación de pavor “internacional” creada por eles cando, nos últimos vinte e cinco anos, predicaran xustamente o contrario, ou sexa, que o Estado unicamente debería garantir a seguridade –e non toda–, debendo absterse, en consecuencia, de intervir en calquera asunto económico.

Ante tal situación, e á luz da falta de vontade política do G-20 para propor unha transformación así fose parcial do funcionamento do sistema monetario e financeiro internacional, foise abrindo paso a necesidade de explorar novas alternativas, necesidade que resultará máis perentoria naqueles Estados máis comprometidos co benestar do conxunto da súa cidadanía que coa reanimación dun sistema financeiro con máis que sobradas mostras da súa natureza antisolidaria e da súa tendencia autodestrutiva.

Nun escenario de crise internacional como o que estamos vivindo, coa súa enorme compoñente financeira e cos seus profundos trazos de inestabilidade e volatilidade, non será difícil enmarcalo, pois, nas verbas de Pampillón, cando nos di que: *“O colapso do sistema financeiro de Estados Unidos está xerando unha gran desconfianza no sistema bancario e no dólar como moeda de reserva internacional. As reservas internacionais de países como a China, que están en dólares, empezan a perigar. O goberno chinés opina que o dólar está tendo un comportamento inestable que está arrastrando os tipos de troco o que xera unha gran volatilidade cambiaria. Unha inestabilidade, volatilidade ou variabilidade que non é boa para*

as relacións económicas internacionais”⁽¹⁾.

Sería, xa que logo, normal, nun contexto como o que vimos describindo e en congruencia con el, que, durante os últimos meses, viñéranse producindo unha serie de manifestacións na xeralidade dos medios de comunicación por parte de Rusia, China⁽²⁾ e Brasil⁽³⁾, entre outros Estados, entendendo como unha discusión válida e pertinente a dunha eventual substitución do dólar como moeda de reserva e referen-

(1) Continuaba este autor: “Por iso o gobernador do Banco Central de China, Zhou Xiaochuan, propuxo a utilización dunha nova moeda internacional (os dereitos especiais de xiro) que estexa baixo o control do Fondo Monetario Internacional. Zhou propón que as reservas de dólares dos bancos centrais sexan substituídas por esta nova moeda: o “dereito especial de xiro” (DEX). Os DEX, en inglés SDR (Special Drawing Right), é unha cesta de moedas formada por catro divisas: o dólar, o ién, o euro e a libra esterlina, que vén sendo utilizada polo Fondo Monetario Internacional, desde hai moitos anos, como activo virtual de financiamento e reserva internacional. Ata hoxe, os DEX xogaron un papel moi limitado dentro do sistema financeiro internacional. Por agora estes dereitos especiais de xiro son exclusivamente virtuais” (*PAMPILLÓN, R.: “¿Unha nova moeda internacional?: os dereitos especiais de xiro”, dispoñible en <http://economy.blogs.ie.edu/archives/2009/03/%C2%BFuna-nueva-moeda-internacional-derechos-especiales-de-giro.php>, March 27, 2009). Para os chineses, que sosteñen que o colapso do Sistema de Bretton Woods (1973), co consecuente paso do patrón de convertibilidade ouro-dólar a unha situación de funcionamento das reservas internacionais en dólares, aínda que sen os límites de flutuación das outras moedas no sistema anterior, produciu un aumento tal das crises financeiras ao longo e ancho do mundo, que habería que ir, en aras dunha mellor xestión da liquidez global, cara á reforma do sistema monetario internacional, efectuando un cambio de moeda por medio da xeralización dos DEX, ao obxecto de que o risco económico dunha soa nación non contamine ao resto do mundo. En tal sentido, a adopción xeralizada dos dereitos especiais de xiro como moeda internacional de intercambio e de reserva é de sumo interese para China, tendo en conta de que é o país con maiores reservas de divisas do mundo. As reservas exteriores chinesas alcanzaron a cifra marca de 1,95 billóns de dólares a finais do 2008, a máis elevada do mundo, superior á de Xapón, o segundo maior posuidor de divisas do mundo con 1,03 billóns de dólares.

En marzo pasado, a China, sendo o principal posuidor de débeda pública estadounidense, con 768.000 millóns de dólares (uns 540.000 millóns de euros) investidos en bonos do Tesouro, segundo datos oficiais, era o maior acededor de Estados Unidos. Así mesmo, algúns analistas estiman que o total dos investimentos chineses vinculados ao dólar podería duplicar esta cantidade (“Geithner reconece que a crise é aínda “potente e perigosa””, publicado o 01-06-2009, por *Expansión.com* |Agencias).

China, a economía emerxente máis importante a día de hoxe –nun marco interno de profundas limitacións socio-políticas e con ambiciosos obxectivos de protagonismo mundial–, estaría a aumentar, pois, os seus esforzos por desprezazar –nun prazo medio duns dez anos– o uso do dólar como divisa de intercambio comercial. Para ese efecto, ultimamente, o goberno chinés asinou un memorando para un acordo de permuta financeira (“swap”) coa Arxentina por un valor 70.000 millóns de iuáns, equivalentes a 10.200 millóns de dólares, en virtude do cal a Arxentina podería pagar as súas importacións procedentes da China sen acudir ao dólar (*Reuters América Latina*, 30 de marzo de 2009).

Corea do Sur, Hong Kong, Malaisia, Bielorrusia e Indonesia celebraron acordos no mesmo sentido coa China por un total de 580.000 millóns de iuáns, ao redor de 94.000 millóns de dólares estadounidenses. Na súa virtude, os importadores destes países poderían pedir prestados iuáns ao Banco Central para comprar produtos na China, ao obxecto de limitar as consecuencias das flutuacións dos tipos do troco do dólar (*Latinforme Diario*, 21 de abril de 2009).

Sobre a posición chinesa en xeral, en relación con esta materia, ZHOU XIAOCHUAN: Reform the International Monetary system, dispoñible en <http://www.pbc.gov.cn/english/detail.asp?col=6500&ID=178>*<http://www.pbc.gov.cn/english/detail.asp?col=6500&IDE=178>, 23 de marzo de 2009.

- (2) Entre outros, M. CHAMAS: “Lo plantearán en el G20. China y Rusia apoyan crear una nueva divisa que sustituya al dólar”, *Libertad Digital Economía*, 24-03-2009.
- (3) CHAMAS: “Lula respaldó la propuesta China de sustituir el dólar ante la crisis”, *Clarín*, 26 de marzo de 2009. Na noticia de Clarín, o presidente brasileiro Lula da Silva fai referencia á experiencia do Brasil de substituír parcialmente o dólar coa Arxentina, terceiro socio económico daquel, co cal existe un comercio bilateral de 30.000 millóns de dólares anuais: “Cando aprobamos coa Arxentina o uso das moedas arxentina e brasileira é porque cremos que é posible non quedar subordinados á moeda doutro país”.

cia internacional pese ao previsible rexeitamento dos Estados Unidos da América⁽⁴⁾.

O abano de preocupacións é de tal calado que Rusia, logo de manifestar a súa intención de encargar **ao FMI que examinase a posibilidade de ampliar a lista de divisas que se empregan en calidade de reserva, chegou** a dicir nunha liña de actuación plural que *“ neste contexto habería que analizar a creación de sistemas rexionais específicos capaces de diminuír a volatilidade dos tipos de troco de ditas divisas de reserva ”*⁽⁵⁾.

Polo que respecta á posición do Brasil, verbo diso sirvan como testemuña as seguintes mostras de opinión: *“ Adeus ao dólar ”*. Ademais da democratización dos organismos internacionais, o seu presidente Lula da Silva ten previsto buscar apoio para outro dos seus obxectivos: a eliminación do dólar como divisa de referencia comercial. Lula da Silva tería o apoio do presidente ruso Dmitri Medvedev, pois Rusia xa propuxo a creación dunha nova moeda de reserva mundial que sería emitida polas institucións financeiras internacionais para reducir a dependencia do dólar estadounidense⁽⁶⁾.

Nun plano máis concreto, a actitude do Brasil xa dera algúns pasos en relación con este asunto, habendo que subliñar que, desde outubro do 2008, a Arxentina e o Brasil teñen un acordo bilateral para o comercio nas súas moedas locais, en cuxo contexto, en prol dunha dinamización das súas posibilidades, devanditos países adoptaron, o pasado mes de maio, un acordo de permuta financeira por valor de 1.500

(4) Con todo, o Secretario do Tesoro de Estados Unidos, T. F. Geithner, admitiría o pasado 25 de marzo que o Goberno de EUA estaría “moi aberto” a estudar a proposta monetaria elaborada pola China e Rusia, de cara á reunión do G-20 en Londres do 2 de abril, tendente a reformar o actual sistema monetario internacional, mediante a creación dunha nova “super divisa” de reserva en substitución do dólar. A mera posibilidade de que EUA se prantexara esta opción provocou, nun día, polo demais alcista en Wall Street, un rápido descenso do dólar nun 1,3% respecto do ién, da libra esterlina e do euro (nun 1,3% respecto deste) recuperándose ante a rectificación feita por Geithner pouco despois, ao afirmar que o dólar seguirá *“sendo a moeda de reserva dominante no mundo... durante un longo período de tempo”* (M. LLAMAS: “GEITHNER conmociona el mercado. EEUU abre la puerta a una nueva moneda mundial en sustitución del dólar”, Libertad Digital Economía, 26, 03, 2009).

(5) Entre outros, “Rusia propone sustituir el dólar por una nueva divisa de reserva internacional”, *Libertad Digital Economía*, 16-03-2009, facendo alusión a un documento no cal se recollerían as propostas a levar polo presidente de Rusia, Dmitri Medvédev, á Reunión do G-20, a celebrar o 2 de abril seguinte en Londres. Sobre este particular, Herbert G. Grubel: *El amero. Una moneda común para América del Norte*, Fraser Institute, 1999, dispoñible en http://libertaddigital.com/fotos/noticias/el_americo.pdf, Adaptación para México e Actualización, M. Suárez Mier.

Tamén, no contexto da Asociación Latinoamericana de Integración –ALADI– escoitáronse voces en favor da utilización das moedas dos países membros no comercio entre estes.

(6) Continuaba o artigo de prensa: *“Lula xa llo propuxo a China na súa recente viaxe en maio pero o presidente de Brasil recoñeceu que convencer a China para que comercien nas súas respectivas divisas e abandonar o dólar levará tempo: “Propuxen a Hu que fixésemos unha reunión entre os nosos bancos centrais para comerciar nas nosas moedas... Pero todo iso leva tempo. Se eu puidese viaxar cun pacote de cousas compradas e cousas vendidas de antemán... Pero non é así”* (“Brasil diseña con Rusia, China y la India el mundo del siglo XXI” (*Infolatam*, Moscú, 16 de xuño de 2009). Proseguía a Axencia resaltando a importancia económica dos países BRIC, termo acuñado no 2003 por Goldman Sachs, o cal corresponde ao acróstico dos catro países emerxentes que, segundo este, cara ao ano 2050 poderían dar alcance ás principais economías do mundo. Proba do seu peso económico sería a previsión case inmediata de que os devanditos países poderían converterse nos principais compradores dos primeiros bonos que o Fondo Monetario Internacional está a preparar para a súa emisión. En concreto, China anunciou xa que podería comprar ata 50.000 millóns de dólares de bonos.

millóns de dólares, co cal procuran reforzar os seus sistemas monetarios⁽⁷⁾. O Brasil constitúe o principal destino das exportacións arxentinas (19 por cento do total), sendo á súa vez o maior provedor da Arxentina (32 por cento das compras deste país)⁽⁸⁾.

Producíronse, polo demais, comentarios respecto dunha posible xeralización dos criterios recollidos no mecanismo arxentino-brasileiro ao proceso de integración rexional do Mercado Común do Sur. Así, neste sentido, véxase a seguinte referencia: *“Segundo fontes de ambos os países, un dos asuntos que discutirán hoxe Kirchner e Lula será a substitución do dólar por moedas locais no comercio bilateral, mecanismo que os bancos centrais de ambas as nacións ensaian desde hai meses e que nun futuro pode ser adoptado en todo o Mercosur nun futuro pode ser adoptado en todo o Mercosur, que completan Uruguai e Paraguai⁽⁹⁾”*.

Sería, así, no marco deste abigarrado contexto de preocupacións no cal se debería proceder a verificar as oportunas reflexións que haberían de conducir á adopción do Acordo Marco do Sistema Único de Compensación Rexional de Pagos (SUCRE)⁽¹⁰⁾, do cal, con carácter específico, ocuparémonos a continuación.

2. Contexto de creación do SUCRE

Á luz dos antecedentes apuntados estreitamente vencellados con canto imos examinar a continuación, podemos observar que o comezo da segunda quincena do mes de abril de 2009 estivo marcado pola celebración de dúas importantes reunións internacionais a nivel rexional americano: a cimeira da ALBA, Alternativa Bolivariana para

(7) Axencia Efe, 8-05-2009. O sistema para comerciar sen usar o dólar fora utilizado por 160 empresas en 214 operacións. Benia os aforros que xera, o sistema foi, con todo, utilizado de forma marxinal se temos en conta que o Sistema de Pagamentos en Moedas Locais (SML) entre a Arxentina e o Brasil procesou operacións de comercio entre ambos os países por un valor equivalente a 122,8 millóns de dólares desde que fora posto en marcha no outubro pasado púxose en marcha en outubro pasado, mentres que, entre outubro e abril pasado, os intercambios totais entre ambos os países ascenderon a 13.128 millóns de dólares (*“Argentina/Brasil: comercio bilateral en moeda local sumó 122 millones de dólares”*, *Infolatam*, Bos Aires, 17 de mayo de 2009). Proseguía a axencia: *“O Banco Central arxentino aclarou que só contabiliza as operacións realizadas mediante este sistema cando foron totalmente terminadas e explicou “que se iniciaron moitas outras operacións aínda non embarcadas ou en curso de ser pagadas pero que non foron incluídas nas estatísticas” do informe divulgado hoxe*. *“Nun marco adverso, dado o impacto negativo da crise internacional no comercio bilateral, a utilización do SML rexistrou un crecemento constante no que se destaca a participación das pequenas e medianas empresas”*, subliñou a autoridade monetaria. O aforro nos custos de transacción tanto financeiros como administrativos xerado por este sistema calcúlase nun 3 por cento do monto da operación. *“Esta redución de custos repítese dun lado e do outro da fronteira ao evitar o paso a dólares do que paga o comprador e do que cobra o vendedor nas súas respectivas moedas locais. “A porcentaxe de aforro acrecéntase canto menor é o monto da operación”*, explica o informe.

(8) “Brasil y Argentina eliminarán el dólar como moneda de intercambio comercial”, *Infolatam*, Bos Aires, 8 de setembro de 2008.

(9) “Argentina/Brasil: Kirchner celebra la Independencia de Brasil con Lula y afina la visita de Estado”, *Infolatam*, Brasíliá, 7 de setembro de 2008.

(10) O sucre, foi denominado así, a proposta de Hugo Chavez, en honra ao heroe da independencia americana Antonio José de Sucre e Alcalá (1795-1830), venezolano, amigo de Bolívar, que foi Presidente de Bolivia e que está sepultado en Quito. O sucre foi a antiga moeda do Ecuador ata 2000 cando adoptou o dólar. Sucre, bautizada así tamén en honra do mesmo prócer é, así mesmo, o nome da capital constitucional de Bolivia, sede da Corte Suprema de Xustiza.

os Pobos da Nosa América-Tratado de Comercio para Todos (ALBA-TCP), en Cumaná (Venezuela), e a V Cimeira das Américas na capital de Trinidad e Tobago, Porto España. En tal quincena, os días 16 e 17 de abril celebrouse, en efecto, a cimeira da ALBA, na cal foron tratados especialmente dous temas de relevancia: por unha banda, a problemática inherente á futura Cimeira das Américas e, pola outra parte, aquela referente á creación do Sistema Único de Compensación Rexional de Pagos (SUCRE). Os traballos –os cales aparecerían estreitamente conectados na súa preocupación de fondo– estarían dedicados, xa que logo, por unha banda, á preparación, discusión e elaboración dunha estratexia conxunta dos Estados membros da Alternativa Bolivariana para as Américas-Tratado de Libre Comercio para Todos, a presentar e defender conxuntamente no marco das actividades relativas á súa futura actuación na importante Cimeira das Américas, a cal habería de celebrarse uns poucos días despois, durante a primeira fin de semana do seguinte mes de maio⁽¹¹⁾. E, por outro, a dar os toques finais necesarios para consensuar o texto do Acordo Marco para a creación dun sistema de compensación de pagos entre os países da ALBA –o SUCRE–, o cal sería posto á firma polos Estados na devandita reunión.

Polo que respecta ao primeiro tema, do cal nos ocuparemos a continuación, diremos que na citada reunión asinou un acordo marco para formalizar o compromiso político para a creación do SUCRE. Agora ben, talvez resulte de interese deixar constan-

(11) **Documento dos países da ALBA para o V Cume das Américas.** A Declaración, despois de amosarse en contra do proxecto de Declaración do V Cume das Américas por consideralo insuficiente e inaceptable, trata dos seguintes puntos: 1) O capitalismo está a acabar coa humanidade e o planeta; 2) O capitalismo provocou a crise ecolóxica por someter as condicións necesarias para a vida no planeta, ao predominio do mercado e a ganancia; 3) As crises económica global, do cambio climático, alimentaria, e enerxética son produto da decadencia do capitalismo que ameaza con acabar coa propia existencia da vida e o planeta. Para evitar este desenlace é necesario desenvolver un sistema alternativo ao sistema capitalista; 4) Como expresión concreta da nova realidade do continente, os países latinoamericanos e caribeños construímos unha institucionalidade propia, que afunde as súas raíces na historia común que se remonta á nosa Revolución independentista, e constitúe unha ferramenta concreta de profundización dos procesos de transformación social, económica e cultural que haberán de consolidar a nosa plena soberanía; 5) Cuestionamos ao G-20 por triplicar os recursos do Fondo Monetario Internacional, cando o realmente necesario é establecer unha nova orde económica mundial que inclúa a transformación total do FMI, do Banco Mundial e da OMC, que cos seus condicionamentos neoliberais contribuíron a esta crise económica global; 6) As solucións á crise económica global e a definición dunha nova arquitectura financeira internacional deben ser adoptadas coa participación dos 192 países que entre o 1 e o 3 de xuño reuniremos na Conferencia sobre a crise financeira internacional das Nacións Unidas; 7) En canto á crise do cambio climático, os países desenvolvidos teñen unha débeda ecolóxica co mundo xa que son responsables polo 70 % das emisións históricas de carbono acumuladas na atmosfera desde 1750; 8) As solucións ás crises enerxética, alimentaria e do cambio climático teñen que ser integrais e interdependentes; 9) Condenamos a discriminación dos migrantes en calquera das súas formas. A migración é un Dereito Humano, non un delito. Xa que logo, demandamos unha reforma urxente das políticas migratorias do goberno de Estados Unidos, co obxectivo de deter as deportacións e redadas masivas e permitir a reunificación das familias, e reclamamos a eliminación do valado que nos afasta e nos divide, no canto de unirnos; 10) Os servizos básicos de educación, saúde, auga, enerxía e telecomunicacións teñen que ser declarados dereitos humanos e non poden ser obxecto de negocio privado nin ser mercantilizados pola Organización Mundial do Comercio. Estes servizos son e deben ser esencialmente servizos públicos de acceso universal; 11) Queremos un mundo onde todos os países, grandes e pequenos, teñamos os mesmos dereitos e onde non existan imperios; 12) Respecto ao bloqueio de Estados Unidos contra Cuba e a exclusión deste país do Cume das Américas, os países da Alternativa Bolivariana para os Pobos da nosa América reiteramos a Declaración que todos os países de América Latina e o Caribe adoptaron o pasado 16 de decembro do 2008 sobre a necesidade de pór fin ao bloqueio económico, comercial e financeiro imposto polo goberno de Estados Unidos da América a Cuba, incluída a aplicación da chamada lei Helms-Burton; 13) Os países desenvolvidos destinaron non menos de 8 millóns de millóns de dólares para rescatar a estrutura financeira que se esborallou.

cia aquí, aos efectos dunha pertinente contextualización, que durante os últimos tempos, a economía de Venezuela, un dos principais impulsores do Sistema Único, seguiu a ser unha das cuestións medulares que inciden notablemente na súa política exterior.

Neste contexto, non deixará de apreciarse a man deste país no marco de diversas iniciativas desenvolvidas a nivel internacional. Así, en tal senso, asistimos á aceptación da proposta do goberno venezolano de levar a cabo unha conferencia das Nacións Unidas sobre a crise financeira e económica, a cal, facendo fincapé no traballo da Comisión de Expertos sobre a Crise Financeira e Económica Mundial presidida polo pai D'Escotto, celebrouse en Nova York a finais de xuño, representando unha oportunidade de situar un discurso alternativo ao acordado polo G-20, intentando así a conformación dunha voz dende o Sur.

A actividade venezolana en materia internacional pode percibirse tamén, cando, nun escenario de caída da demanda agregada a nivel mundial e á vista do actual sistema de pagamentos comerciais baseado no dólar como divisa para a compensación de pagos, comparte coa xeneralidade dos demais países latinoamericanos unha preocupación común por manter os niveis de intercambio xeral, e nalgúns casos, de aumentar os intercambios internos na rexión.

Así mesmo, Venezuela enfróntase cun problema de planificación e operativización da entrega de divisas para o comercio, chegando a converterse o seu principal elemento financeiro, a renda petroleira, nunha fonte de importación masiva, a cal demanda unha achega excesiva das reservas de divisas a unha finalidade economicamente pouco proveitosa. As dificultades de Venezuela para honrar as autorizacións de divisas emitidas pola Comisión de Administración de Divisas (CADIVI) pona nunha situación delicada diante dalgúns dos seus socios comerciais⁽¹²⁾, xerándose así un crecemento do mercado paralelo de divisas, chegando o dólar a ser permutado a tres veces o tipo de troco oficial. Ante o reiterado rexeitamento da opción de devaluar, co risco de xerar desequilibrios moi difíciles de manexar, Venezuela vese obrigada a estimular a súa creatividade en termos financeiros e monetarios. Nestas coordenadas ben inmediatas habería de ver a luz o SUCRE.

En relación co SUCRE, ratificando o seu propósito de alcanzar unha maior soberanía monetaria e financeira, nunha perspectiva de procura do “desacoplamento progresivo do dólar estadounidense”, coñecendo da necesidade de establecer, como parte dunha nova arquitectura financeira e rexional, mecanismos orientados a reducir a vulnerabilidade externa das súas economías e a dinamizar a capacidade produtiva e o intercambio comercial da rexión, e reafirmando os seus compromisos de reforzaren a integración económica e social, e, así mesmo, o desenvolvemento rexional por medio do impulso ao comercio e ao investimento produtivo, social e ambiental na rexión, con base nos principios de complementariedade, cooperación, solidariedade e respecto á soberanía⁽¹³⁾, Bolivia, Cuba, Honduras, Nicaragua e Venezuela, Estados

(12) "Retrasos de Cadivi perjudican el comercio andino. Empresarios de Colombia, Perú y Ecuador piden mayor celeridad", *El Universal*, Caracas, 22 de maio de 2009.

(13) Preámbulo do Acordo Marco relativo ao SUCRE.

membros da ALBA-TCP, e Ecuador, acordaron subscribir o Acordo Marco do Sistema Único de Compensación Rexional de Pagos (SUCRE)⁽¹⁴⁾.

3. Obxectivos e mecanismos institucional e instrumental

O obxectivo do Acordo, en consonancia co seu preámbulo e cunha estreita conexión co seu mecanismo institucional e instrumental, viría a consistir en orientar o establecemento do citado Sistema Único, fixando as directrices principais para o seu funcionamento e interacción das entidades e mecanismos que haxan de conformalo, destinados á promoción do desenvolvemento integral da rexión latinoamericana e caribeña, por medio do impulso á produción e ao intercambio comercial, no espazo intrarrexional (Punto 1).

O Sistema Único de Compensación Rexional de Pagos (SUCRE), estará integrado polas seguintes institucións, as cales velarán polo seu funcionamento: o Consello Monetario Rexional (CMR); a Unidade de Conta Común, “sucre”; a Cámara Central de Compensación (CCC); e, finalmente, o Fondo de Reservas e Convergencia Comercial (FRCC) (Punto 2).

O Consello Monetario Rexional, o cal será un organismo de Dereito Internacional Público con personalidade xurídica propia, virá a ser o órgano superior de decisión do Sistema Único de Compensación Rexional de Pagos (SUCRE).

O CMR, encargado de xestionar o Sistema, supervisará o funcionamento deste, tendo, entre outros, os seguintes obxectivos:

- a) a promoción e o mantemento dun sistema monetario rexional transparente, xerador de riqueza, estable, o cal fomenta, así mesmo, o desenvolvemento económico sustentable;
- b) o seguimento das políticas e instrumentos monetarios dos países integrantes do CMR, e, igualmente, a suxestión das accións que os optimicen;
- c) a elaboración de estudos co obxecto de levar a cabo a orientación da regulación do movemento de capitais, ao efecto consecuente de evitar

(14) Determinantes para o nacemento do Acordo foron, por unha banda, a decisión xurdida no III Cume Extraordinario de Xefes de Estado e de Goberno da ALBA-TCP e o Ecuador, celebrada o 26 de novembro de 2008, na cal instáase a elaborar unha proposta para materializar o Acordo Marco do Sistema Único de Compensación Rexional de Pagos (SUCRE) entre os países da ALBA e todos aqueles que decidisen adherirse ao mesmo.

No Acordo recóllese, no substancial, a proposta esbozada en Quito por Rafael Correa, Presidente do Ecuador, o 26 de novembro do ano anterior.

Ás veces, alternativamente á denominación da ALBA, é utilizada, así no preámbulo do Acordo Marco de que tratamos, a de ALBA-TCP, estas tres últimas iniciais facendo referencia ao “Tratado de Comercio entre os Pobos”, aínda que se observa unha tendencia a usar exclusivamente o acrónimo ALBA.

as correntes de capital ilegal e controlar tamén os capitais especulativos;

- d) finalmente, a recomendación de estratexias, políticas, medidas e mecanismos, os cales, coordinados entre os países integrantes do CMR, anticipen ou, polo menos, atenúen os efectos das crises monetarias, financeiras e bancarias; a recomendación de estratexias, políticas, medidas e mecanismos coordinados entre os Estados integrantes do CMR, co obxecto de expandiren o comercio intrarrexional, reducindo as súas asimetrías en coordinación cos terceiros países que outorguen un tratamento xusto aos mesmos, debendo ser realizadas estas funcións, así mesmo, en coordinación coas máximas autoridades do comercio, as finanzas e as relacións internacionais dos países integrantes do Consello Monetario Rexional (Punto 3).

A Unidade de Conta Común creada polos Estados Partes, denominada “sucre”, constituirá unha moeda fiduciaria, a cal, utilizada como unidade de conta do Sistema SUCRE, será empregada como referente para o rexistro, valoración e compensación das operacións canalizadas polo referido sistema, como manifestación do reforzamiento da cohesión económica e social e do establecemento dun proceso de integración chamado á conformación dunha zona monetaria rexional (Punto 4).

Os países signatarios do Acordo Marco non substituirán as súas moedas nacionais respectivas pola unidade de conta común recollida no Sistema, dado que, como resulta obvio, non é posible substituír moedas de curso legal por unha unidade virtual, que foi pensada co fin de compensar de forma directa as contas que se produzan entre os distintos Estados partes daquel, polo que respecta ás súas importacións e exportacións.

O CMR proporcionará ao “sucre” os impulsos precisos para o seu desenvolvemento e implementación, debendo decidir, para ese efecto, os criterios da súa composición, as súas variables de ponderación, establecer os tipos de trocos centrais das moedas nacionais con relación ao sucre, determinando, así mesmo, os mecanismos de axuste (Punto 5). Xa que logo, os mecanismos para o cálculo do valor de cambio de cada moeda nacional conformante da “canastra” que dará vida ao SUCRE están aínda en vías de definición. O euro da Unión Europea sería o punto de referencia do sucre, aínda que, máis concretamente, habería que remontarse á antiga Unidade de Conta Europea (ECU).

Esta tratábase dunha *moeda cesta*, a cal estaba composta pola suma de cantidades fixas das moedas dos Estados membros participantes, sendo estimada a porcentaxe de cada unha delas con base en tres criterios: a participación de cada unha das divisas no conxunto do comercio intracomunitario, o Produto Interior Bruto de cada un deles e a súa cota no Fondo Europeo de Cooperación Monetaria. As moedas base do ECU gozaban dunha clara convertibilidade e liquidez nos

mercados financeiros, o cal non acontece exactamente coas moedas que pasarán a constituír o sucre. Aínda que se falou dunha futura transformación do sucre nunha moeda física, non se mencionan ao día de hoxe indicios de cales poden ser os requisitos para a adopción de devandita moeda.

Terá, igualmente, o CMR a responsabilidade de efectuar a asignación de “sucre” a cada unha das Partes, a fin de que poidan operar na Cámara Central de Compensación, á cal caberlle levar a eito todas as actividades relacionadas coa compensación e liquidación das operacións efectuadas por medio do SUCRE, autorizadas polo CMR (Puntos 6 e 7)⁽¹⁵⁾.

Acordaron, por outra banda, os Estados Parte que o Sistema Único de Compensación Rexional disporá dun Fondo de Reservas e Convergencia Comercial, o cal ten por obxecto colaborar co funcionamento da CCM, por medio do financiamento de déficits temporais xerados, do mesmo xeito que o de reducir asimetrías comerciais entre as Partes, por medio de modalidades de financiamento que empuxen a produción e exportación procedente dos países (Punto 9).

Se houbese que destacar os obxectivos substanciais dese Fondo poderíamos sinalar, con Molero Simarro e Montero Soler da Universidade Complutense, que serían o de dotar da estabilidade financeira necesaria ao Sistema e, así mesmo, o de funcionar como fondo de desenvolvemento para a canalización de recursos cara proxectos produtivos rexionais deseñados para reducir as citadas asimetrías⁽¹⁶⁾.

O FRCC será conformado mediante achegas en divisas e en moeda local dos Estados Parte, conforme ás proporcións, instrumentos financeiros e termos que se conveñan polos membros. Un ente multilateral designado a tal efecto polo CMR administrará os recursos do Fondo (Punto 10).

O Acordo Marco termina cursando un convite aos demais Estados da América Latina e o Caribe para incorporarse a este Sistema, co fin de lograr un desenvolvemento harmónico, integral e soberano da rexión de acordo coas súas propias necesidades e en beneficio dos seus pobos⁽¹⁷⁾ (Punto 11, inciso final).

(15)Consensuados os aspectos principais relativos á CCC, estes deberían ser aprobados definitivamente antes do 30 de maio do 2009 (Punto 8 do Acordo Marco).

(16)MOLERO SIMARRO, R. e MONTERO SOLER, A.: "EL SUCRE: Frente a la crisis un proyecto de integración monetaria al servicio de los pueblos", *Rebelión*, 23, 3, 2009 (<http://www.rebelion.org/noticia.php?id=82482>)

(17) O Acordo Marco foi subscrito en Cumaná, Venezuela, o 16 de abril de 2009, en seis exemplares igualmente auténticos redactados en idioma castelán, por Evo Morales Ayma, Presidente do Estado Plurinacional de Bolivia; Raul Castro Ruz, Presidente do Consello de Estado da República de Cuba; Manuel Zelaya Rosales, Presidente da República de Honduras; Daniel Ortega Saavedra, Presidente da República de Nicaragua; Hugo Chávez Frías, Presidente da República Bolivariana de Venezuela; e Fander Falconi Benítez, Ministro de Relacións Exteriores, Comercio e Integración da República do Ecuador. Participou na reunión, así mesmo, Roosevelt Skerit, Primeiro Ministro de Dominica, país membro da ALBA. Como invitados asistiron o Presidente Fernando Lugo, de Paraguai; Ralph Gonçalves, Primeiro Ministro de San Vicente e as Granadinas. Estaba previsto o ingreso do Ecuador na ALBA previsto para o 25 de xuño.

Estivo presente tamén Miguel D'Escoto Brockmann, Presidente da Asemblea Xeral da ONU; e Bernardo Álvarez, Presidente do Banco da ALBA.

4. Comités Técnicos preparatorios

Mención aparte, polo seu carácter, en principio, de órganos previos ao Acordo Marco, merece o recollido no punto 11, inciso inicial, do Acordo Marco, cando di que *“Os traballos dos seis Comités Técnicos, creados co fin de conformar e implementar o Sistema Sucre, deberán quedar concluídos nos lapsos establecidos nos cronogramas de traballo acordados, coas adecuacións que poidan ser necesarias, de maneira que durante o IV trimestre do 2009 se pase á fase experimental de implementación do sistema, o cal comezará a operar a partir de xaneiro de 2010”*.

Non puídemos obter moitos máis datos respecto da realidade da creación de tales Comités Técnicos que non sexan os que podemos apreciar con motivo da declaración efectuada, meses antes do Acordo Marco, por Alí Rodríguez Araque, ministro venezolano do Poder Popular para Economía e Finanzas. Con tal motivo indicábase: *“Os países integrantes da Alternativa Bolivariana para os Pobos da Nosa América (ALBA) -Venezuela, Cuba, Nicaragua, Bolivia, Dominica, Honduras, ademais de Ecuador en calidade de observador- acordaron este mércores a creación de seis comités técnicos que se encargarán de analizar e avaliar todo o referente ao mecanismo de creación do novo Sistema Único de Compensación Rexional, que terá ao Sucre como moeda oficial”*⁽¹⁸⁾.

Segundo ela, o Primeiro Comité analizaría o referente á Unidade de Conta Común, examinando todo o relacionado cos criterios técnicos básicos que haberán de rexer o funcionamento da moeda e determinando, así mesmo, o valor do Sucre. Ecuador coordinaría este Comité.

Encargarase o Segundo Comité de analizar e avaliar o referente á Cámara Central de Compensación de pagamentos, particularmente no referente á metodoloxía de cálculo dos índices de superávit e déficit; a política de uso e financiamento dos excedentes, así como a periodicidade da liquidación dos saldos de compensación. O país que asumiría a coordinación deste comité sería Bolivia.

O Terceiro Comité atendería o “Fondo Mixto de Estabilización e Desenvolvemento”, o cal, non concibido finalmente nestes exactos termos, estaría *“encargado de definir o relativo aos obxectivos, coordinación, achegas e fontes de financiamento, dirección das reservas, riscos da zona e integración coa arquitectura financeira prevalecte; ademais de propor novos mecanismos de financiamento oportuno a pequenos e medianos empresarios, organizacións sociais e os pobos”*⁽¹⁹⁾. Encargaríase de presidir este comité, Venezuela.

Ocuparíase do Consello Monetario Rexional o Cuarto Comité, tendo baixo o seu estudo a determinación das funcións e poderes necesarios para a coordinación efectiva de políticas de regulación monetaria, financeira e bancaria e a elaboración do regulamento de funcionamento do Consello, ademais da proposición dos meca-

(18) “Seis comités analizarán creación del Sucre como moneda única”, Caracas. *Axencia Bolivariana de Noticias (ABN)*, 10 de decembro de 2008. A referencia é ao mércores 10 de decembro.

(19) “Seis comités...”, op.cit.

nismos de seguimento e control. O país encargado de coordinar este comité sería Honduras.

O Quinto Comité habería de tratar do tema do Comercio Intrarrexional Existente e Proxectado, sendo os seus temas de estudo o proxectar este tipo de comercio e recomendar políticas de estímulo e de regulación interna que o promovan, ademais de se ocupar de revisar a integración actual, poñendo unha especial atención no redireccionamiento do comercio entre os países participantes. A cargo deste Comité estaría Cuba.

Finalmente, o Sexto Comité ocuparía dos aspectos xurídicos inherentes ao sistema en relación con cada un dos países como tamén co exterior. Encargaríase, así, de presentar propostas xurídicas relativas aos procedementos legais necesarios para a aplicación do Sucre. O grupo de traballo debería presentar un informe sobre aquelas particularidades xurídicas de cada país que puideran obstaculizar a execución do sistema. Quedou encargada da coordinación deste comité, Nicaragua.

5. Reflexións finais

O SUCRE, como podemos apreciar, pode ser visto como unha importante peza do deseño dunha nova arquitectura financeira rexional, a cal estaría dotada de tres alicerces: un banco de desenvolvemento rexional (Banco do Sur), xa creado previamente pero pendente da súa activación real; un fondo común de reservas internacionais para a rexión; e unha coordinación monetaria, achegados os últimos polo Acordo Marco que –cunha sintaxe e redacción que fan del un cúmulo de principios sen case subordinacións que dificulta a súa lectura, por veces pesada mesmo– inclúe mecanismos de compensación recíproca e unha moeda contable, que, de transcorrer ben as cousas, algún día podería ser considerada como o preámbulo dunha moeda física.

O SUCRE pode ser visto así mesmo como un instrumento vocacional para o logro dunha relativa independencia fronte ás principais divisas internacionais e dunha certa resistencia fronte á ditadura dos mercados financeiros.

Agora ben, á vista do ata aquí exposto, entendemos que procede subliñar que o Acordo adoece nalgúns momentos de certa confusión, que, por unha banda, tal vez puidese ser, en certa medida, intencionada, entre medios e obxectivos e que, pola outra, ben puidese ser entendida como unha conmixtión, reflexo da necesaria complementación entre eles que desde unha visión, máis aló de nominalismos, permitiranos ver, chegado o caso, o acerto no desenvolvemento das encomendas vinculada co Sucre.

Por outra banda, desde unha perspectiva como esta de certa intencionalidade consciente, debe ser destacado o voluntarismo con que o Acordo Marco se produce, establecendo uns prazos para ser operativo a partir de xaneiro do 2010, que, máis aló duns loables desexos, entendemos que serán de difícil cumprimento, tendo en conta,

entre outros, a necesidade previa de incorporar o texto do Acordo Marco ás lexislacións dos seis Estados asinantes.

En todo caso, parece oportuno lembrarmos neste punto, con todo, que a prema nos prazos ben pudesese, aínda sendo sabedores das dificultades para o seu cumprimento, ser buscada de forma consciente como proba da vontade política existente para facer real canto antes a plasmación do Acordo Marco en feitos concretos. Todo iso determina e xustifica de xeito evidente, en calquera caso, un certo grao de comprensión en canto a unha posible demora no que respecta á aplicación do Acordo, máis se temos en conta que aínda que fora resaltado polos medios como un avance concreto, non por iso debemos de pór de manifesto a actitude cautelosa de Cuba ao non acoller, según foi dito, a proposta de asinar un tratado que formalizase legalmente de xeito máis decidido e anticipado o proceso da creación do SUCRE⁽²⁰⁾.

Polo que respecta ao futuro inmediato do SUCRE, se habemos de manifestarnos realistas, debemos precisar que aínda que o ministro venezolano de Finanzas, Alí Rodríguez, afirmou que *“en setembro debemos estar listos para iniciar algúns proxectos piloto de intercambio con esa moeda virtual, que logo será compensada con equivalencias”*⁽²¹⁾, parécenos difícil que iso poida ser levado a cabo a non ser que haxa unha vontade política de ir cara a unha aplicación provisional do Acordo, e aínda así os prazos seguirían parecéndonos curtos.

No que atinxe a un futuro máis mediato, parece claro que, polo menos ao día hoxe, as perspectivas sobre unha debilidade do SUCRE a nivel institucional, monetario e económico parécennos notorias. En tal sentido, Lorca e Roy, nunha perspectiva comparada –que quizá non sexa a máis acaída cando se examina este ou outro proceso rexional nacente e que, en consecuencia, benia ao seu acerto, entendemos que habería que reconducir a unha perspectiva dotada dun certo optimismo crítico– desbotan o novo sistema *verbis paucis*: *“O euro ten como pilar fundamental a necesidade de respectar unha política monetaria imposta polo BCE, gobernado con independencia política. O seu obxectivo é a estabilidade dos prezos para manter a inflación nos niveis establecidos polos Criterios de Maastricht. Non se sabe que banco supervisaría o sucre”*⁽²²⁾.

Con todo, cunha visión máis optimista, existen posicións máis esperanzadoras respecto ao SUCRE cunhas expectativas que gustaríamos poder compartir. Así, Molero Simarro e Montero Soler afirman que: *“En primeiro lugar, a adopción dunha unidade de conta común suporía unha progresiva desdolarización das relacións eco-*

(20) O SUCRE terá que situarse entre a tradicional ALADI e o xurdimento de Sistemas de Pago en Moedas Locais, os cal aínda que é certo que aparenta o desexo de se desacoplar do dólar, á hora da verdade non ofrece máis que un progreso na axilidade dos pagos entre países, sen dirixirse dun modo claro á transformación das relacións de índole comercial. En relación con aqueles, Venezuela, que acaba de asinar un acordo en tal sentido con Colombia, debería revisar a súa estratexia no sentido de privilexiar de forma indubidable a implantación do SUCRE, máis aínda nun escenario de natureza notablemente cambiante.

(21) *Libertad Digital* (Europa Press), 17-04-2009.

(22) LORCA, M^a. e ROY, J.: “El sucre: el euro del ALBA”, Abr-21-09, Nueva Mayoría.com, O Portal Socio-político de Iberoamérica, dispoñible en http://www.nuevamayoria.com/index.php?option=com_content&task=view&id=1374&Itemid=40.

nómicas intrarrexionais e sería, á súa vez, o primeiro paso que permitiría avanzar, nun segundo momento, no proceso de integración monetaria mediante a creación do que podería chegar a ser unha moeda común con emisión física e circulación real. En segundo lugar, a capacidade que tería cada país de compensar multilateralmente os distintos saldos do seu comercio permitiría unha aminoración relativa das súas necesidades de financiamento internacional, así como unha liberación parcial das súas reservas de divisas, dotándoos dunha maior capacidade financeira. Evidentemente, esta vantaxe ampliaríase a medida que aumentase o número de países que se incorporasen ao acordo. En terceiro lugar, suporía un importante estímulo para potenciar as relacións comerciais duns países cuxas economías estiveron ata o momento completamente orientadas cara ao Norte, favorecendo o comercio dentro da rexión e con iso, e sempre que este sexa artellado ao redor dos principios que rexen a ALBA, o benestar global⁽²³⁾. O Sucre, podería terminar, de ir todo ben⁽²⁴⁾, converténdose nos territorios dos Estados membros nun instrumento de soberanía rexional. Nesa liña, escriben os citados autores: “Deste xeito, o SUCRE podería converterse nunha zona de seguridade monetaria que promovería a reorientación do comercio cara os países membros e a integración intrarrexional baixo os mesmos principios

(23) MOLERO SIMARRO e MONTERO SOLER continuarían escribindo: “Para rematarmos, esta nova orientación apoiárase no desenvolvemento dos proxectos financiados polo fondo que permitirían non só afrontar en mellores condicións a caída da demanda que van sufrir estes países como consecuencia da crise mundial, senón tamén lograr un paulatino avance cara a unha zona económica integrada dos países da ALBA e Ecuador.

Mais, xunto a todas estas vantaxes, que non son nin poucas nin menores, o proxecto necesitaría tamén dotarse dun elemento sobre o que Keynes asentaba a configuración dunhas relacións comerciais orientadas ao desenvolvemento global e equilibrado máis que á intensificación radical da competencia e a loita polo mercado mundial. Neste senso, o SUCRE, se aspira realmente a converterse no motor dun proceso rexional de integración comercial e monetario alternativo, tería tamén que facer seu un mecanismo de estabilización interno que, como o mesmo Keynes dicía, evite a acumulación de saldos tanto debedores como acredores de cada un dos países na Cámara de Compensación.

Nefeuo, en contra da lóxica imposta durante décadas polo FMI e o Banco Mundial, ese mecanismo de estabilización interno debería estar orientado a tratar de evitar que o peso do axuste do desequilibrio comercial dun país deficitario con respecto ao resto recaia sobre o primeiro e, a tal fin, é necesario que o país ou os países superavitarios corresponsabilizense en igual medida na restauración do equilibrio global. O mellor xeito de lograr ese resultado sería instaurando un mecanismo que obrigase a aqueles países que presentasen na súa conta na Cámara un superávit con respecto ao resto que se situase por enriba dun límite prefixado a utilizar ese saldo excedentario no estímulo da demanda global. Deste xeito, eses países estarían obrigados a destinar os devanditos saldos excedentarios a incrementar as súas importacións desde os países deficitarios, ao financiamento de proxectos produtivos e de desenvolvemento nos mesmos, ou, directamente, á axuda internacional. Para incentivar esta utilización dos fondos, podería aplicarse ademais a proposta de Keynes de establecer unha tarifa que gravase os saldos excesivos, de forma que o seu mantemento en forma improductiva visese penalizada; proposta que, no seu caso, tiña o obxectivo de motivar aos países participantes a buscar un saldo equilibrado na súa conta na Cámara”.

(24) “Finalmente, hai que sinalar –seguindo con MOLERO SIMARRO e MONTERO SOLER– que existe unha importante diferenza nas condicións de partida do SUCRE con respecto ao Plan Keynes que provocan que aquel deba establecer algún mecanismo para blindarse. E é que a Unión de Compensación Internacional de Keynes estaba concibida como un sistema pechado no que participarían todos os países das Nacións Unidas, podendo aplicarse o principio da igualdade de créditos e débedas e sendo imposible, xa que logo, colocar fondos fóra do sistema. Con todo, o SUCRE sería un sistema pechado dentro doutro aberto, o sistema monetario internacional, coa consecutiva vulnerabilidade do mesmo ante intentos de desestabilización desde o exterior, xa sexa pola vía de fuga de capitais como da especulación contra os tipos de troco das moedas que integran a cesta de onde nace o valor do sucre. Por esta razón parecería de todo punto necesario o establecemento dalgún tipo de control sobre os movementos de capital nos países participantes -algo que, por outra banda, tamén propuña Keynes no seu sistema. Ese sería o único xeito de asegurar a estabilidade da unidade de conta común sen ter que malgastar cantidades inxentes de divisas de xeito infrutuoso para iso”.

da ALBA, é dicir, os da complementariedade, a cooperación, a solidariedade e o respecto á soberanía. Isto suporía unha alternativa coa que poderen exercer unha relativa resistencia fronte á ditadura dos mercados financeiros internacionais e abriría o camiño a seguir por outros bloques rexionais na súa procura de independencia e soberanía respecto das grandes divisas internacionais”.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009

Antonio Martínez Puñal *é Profesor Titular de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela e membro do Consello Reitor do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI).*